

## **DIA INTERNACIONAL DA MULLER**

### **CRECENDO EN IGUALDADE**

Coincidindo coa conmemoración o vindeiro día 8 de marzo do Día Internacional da Muller o Concello de Pontedeume únese a conmemoración deste impulsando novamente a súa campaña institucional en materia de sensibilización en igualdade entre mulleres e homes: "Crecendo en Igualdade". O obxectivo xeral desta responde á seguinte máxima: Promover a participación activa das mulleres de Pontedeume na vida pública e no espazo social, recordando a toda a sociedade que a Igualdade de xénero non só debe ser acadada a nivel LEGAL, tamén ten que ser REAL. Abonda unha simple ollada á realidade máis próxima, para descubrir que a discriminación por razón de xénero segue vixente na práctica cotiá.

Na presente edición a campaña de sensibilización social tenta achegar á comunidade eumesa en xeral ese obxectivo mediante unha serie de pancartas co dito mensaxe e un photocall:

As pancartas entregaranse ás distintas asociacións veciñais aos centros escolares da ESO e Bacharelato, así como noutros espazos onde a xente asiste con asiduidade como poidan ser o centro de saúde e o campo de fútbol do Eume ou o pavillón municipal. De xeito que a visibilización das mesmas chame á reflexión de cada un de nós sobre a discriminación de xénero que as mulleres seguen e seguimos a vivir en pleno século XXI, xusto por iso, por ser muller, ademáis de moitos condicionantes que influen directamente : raza, relixión, cultura, etc.

Por outra parte o Photocall instalarase o vindeiro día 8 de marzo diante da Casa do Concello de 11:00 a 14:00h. e de 18:00 a 20:00h. E o sabado 11 en horario de mañá diante do Torreón dos Andrade. É unha forma de que aquelas persoas que así o desexen poidan difundir esta mensaxe xunto coa súa imaxen nas redes sociais. Este photocall trasladarase, posteriormente, as distintas entidades municipais e centros escolares para a súa utilización.

Por último, dende a Concellería impulsaranse unha serie de accións baseadas na participación activa dos distintos colectivos de poboación para ir reparando o esquecemento histórico da metade da humanidade, das mulleres no que respecta aos rueiros e aos edificios públicos. A denominación destes reflexa os cambios sociais así como, quen ou quenes deixaron a súa pegada na vida política, social e cultural. Pontedeume como a maioría, amosa a invisibilidade feminina sendo esta unha circunstancia que ten que modificarse en diante. Poranse en marcha distintas accións dentro dunha política municipal na que os espazos públicos reflexen unha sociedade plural na que están presentes as mulleres e os homes a partes iguais.

